



MU-KI-RA

GUÍA DIDÁCTICA

PARA EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA
(GALEGO)



ÍNDICE

1 Presentación.....	4
2 Marco teórico-lexislativo.....	5
3 Sobre a temática.....	6
4 Sobre a película.....	8
5 Aplicación didáctica.....	12
I. Obxectivos.....	12
II. Actividades.....	13
III. Temporización.....	29
IV. Metodoloxía.....	29
6 conclusión.....	30
7 Sobre a autora.....	31
8 Bibliografía.....	32
9 Anexos.....	33



É HORA DE XOGAR E APRENDER CON MU-KI-RA

Coordinación de proxecto: Abano Producións
Creación guía, textos e deseño didáctico: Ana Belén Campos Graña
Maquetación e edición: María Barro e Estefanía Piñeres Duque
Tradución de textos: Secretaría Xeral da Lingua, Xunta de Galicia



XUNTA
DE GALICIA

PRESENTACIÓN

Mu-Ki-Ra é unha longametraxe de animación dirixida por Estefanía Piñeres Duque e escrita xunto a María Barro Guntín. Trátase dunha coprodución entre a compañía colombiana Letrario (Los malditos) e a española Abano Producións (Unicorn Wars e Valentina).

Estefanía Piñeres é unha actriz, produtora de cinema e guionista colombiana, coñecida por protagonizar diversas producións de televisión e cinema. Entre elas destaca a serie Delirio, que actualmente se atopa dispoñible na plataforma Netflix.

A orixe de Mu-Ki-Ra remóntase a un conto que a directora escribiu en 2018, titulado Chocó, la tierra y los monstruos. Este conto nace do seu encontro coas infancias desta rexión, a través da fundación agora extinta, Marajuera, que enfocaba o seu traballo en prácticas antirecrutamento e onde lles ofrecía ás nenas e aos nenos de Quidó espazos seguros para crecer no marco do conflito armado. En palabras da propia directora, a película explora como as narrativas simples de “bos contra malos” poden contribuir á perpetuación da violencia, á vez que establece unha reflexión sobre o vínculo entre os seres humanos e a natureza. Trátase dunha narrativa simbólica que cuestiona as estruturas de poder, a agresividade e a desigualdade, á vez que pon en valor a identidade cultural e a conexión co contorno natural. Así mesmo, Estefanía Piñeres sinala que a súa intención foi narrar experiencias propias da infancia latinoamericana, inmersas en contextos complexos, e abri-lle a porta á exploración da diversidade cultural e xeográfica na forma de vivir a infancia en distintas partes do mundo.

A longametraxe aborda diversas temáticas; con todo, consideramos que o eixo central da obra é a diversidade. Trátase dun tema de gran relevancia que resulta fundamental traballar co alumnado do último curso de educación infantil e ao longo de toda a educación primaria.

Cabe indicar que a película está recomendada para nenos e nenas de entre 6 e 9 anos, e queda a criterio

do equipo docente e das familias a decisión de traballar con esta guía didáctica. A diversidade constitúe un valor esencial na nosa sociedade e unha realidade que enriquece as nosas formas de convivir, aprender e comprender o mundo. Por iso, resulta imprescindible abordala desde as primeiras etapas educativas, momento no que o alumnado comeza a construír a súa identidade e a súa visión dos demais. Traballar a diversidade en educación infantil e continuar profundando nela durante toda a educación primaria e etapas posteriores permite fomentar o respecto, a empatía e a inclusión, e favorece que cada nena e cada neno se sintan recoñecidos, valorados e participes dunha comunidade plural.



A guía didáctica foi elaborada coa finalidade de ofrecerlles un apoio pedagóxico aos distintos axentes educativos. Nela preséntase un amplo abano de informacións e propostas que preparan e complementan o visionado da película, suxerindo actividades ao redor dos principais valores que se pretenden transmitir a través da longametraxe. Deste xeito, tras ver Mu-Ki-Ra, o profesorado poderá apoiarse na guía para desenvolver diversas actividades relacionadas tanto coa temática principal como con outros aspectos de interese para o alumnado.

O obxectivo principal desta guía é proporcionarlles aos e ás estudantes as ferramentas necesarias para que sexan capaces de construír a súa propia identidade na marxe da presión imposta pola sociedade actual. Así mesmo, traballarase a falta de valores, cada vez máis presente no mundo no que vivimos, ofrecéndolles claves que lles permitan converterse en persoas tolerantes, equitativas e respectuosas. Desde a escola, búscase promover a educación emocional, a educación en valores, así como a diversidade e a igualdade, aspectos fundamentais para alcanzar a calidade educativa que propón o sistema educativo español.

MARCO TEÓRICO-LEXISLATIVO

No sistema educativo actual, o preámbulo da Lei orgánica 3/2020, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006 (LOMLOE), subliña a importancia de garantir unha educación de calidade para todo o alumnado, baseada nos principios de equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación. Así mesmo, destácase o papel esencial da educación na construción da identidade persoal, ao sinalar que esta constitúe o medio máis adecuado para desenvolver ao máximo as capacidades do alumnado, construír a súa personalidade e conformar a súa comprensión da realidade, e fomentar a convivencia democrática, o respecto ás diferenzas individuais e a cohesión social.

En coherencia con estes principios, o artigo 6, apartado 2, da LOMLOE establece que “o currículo irá orientado a facilitar o desenvolvemento educativo dos alumnos e alumnas, garantir a súa formación integral, contribuír ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e preparamos para o exercicio pleno dos dereitos humanos, dunha cidadanía activa e democrática na sociedade actual”. O deber do alumnado é “respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, e a diversidade, a dignidade, a integridade e a intimidade de todos os membros da comunidade educativa”.

Estas formulacións aliñanse cos principios da Axenda 2030, adoptada polas Nacións Unidas en 2015, que constitúe un plan de acción global para a construción dun futuro máis sostible, xusto e inclusivo. Aínda que non existe un obxectivo de desenvolvemento sostible específico centrado exclusivamente na construción da identidade, diversos ODS abordan de forma transversal aspectos relacionados coa diversidade, a inclusión social e a igualdade de oportunidades.

Neste sentido, o ODS 4. Educación de calidade resulta especialmente relevante, ao recoñecer o papel fundamental da educación na formación da identidade individual e colectiva, promovendo unha educación inclusiva e equitativa que fomente o respecto pola diversidade cultural, a igualdade de xénero e os dereitos humanos. De igual modo, o ODS 10. Redución das desigualdades pon o foco na necesidade de combater a discriminación e a

exclusión social, factores que poden incidir negativamente no desenvolvemento persoal e na construción dunha identidade positiva, especialmente nos grupos máis vulnerables.

Desde esta perspectiva, o traballo educativo ao redor da diversidade non só favorece a transmisión de valores como o respecto, a empatía e a igualdade, senón que tamén contribúe ao desenvolvemento dun pensamento crítico no alumnado, e capacítalo para cuestionar estereotipos, discursos simplistas e situacións de inxustiza presentes na sociedade. Promover esta mirada crítica desde as primeiras etapas educativas resulta fundamental para formar persoas autónomas, reflexivas e comprometidas coa construción dunha sociedade máis inclusiva e democrática.

Así mesmo, a cultura recoñécese cada vez máis como un pilar esencial do desenvolvemento sostible, ao influír de maneira decisiva na forma en que as persoas se perciben a si mesmas e aos demais. Neste sentido, a educación desempeña un papel clave na promoción da identidade cultural, a cohesión social e a inclusión. Tal e como sinala Andreas Schleicher, “os centros educativos deben axudar os estudantes a desenvolver unha identidade consciente do pluralismo da vida moderna, e fomentar a tolerancia e a empatía para enfrontar o extremismo” e é crucial “incorporar os valores na educación de maneira explícita, para transformar aspiracións implícitas en obxectivos e prácticas que xeren confianza, vínculos sociais e esperanza”.

A sociedade contemporánea demanda que a escola transcenda a mera transmisión de coñecementos e se comprometa coa formación integral de cidadáns capaces de convivir en diversidade, resolver conflitos de forma pacífica e actuar con solidariedade e responsabilidade social. Nesta liña, o obxectivo fundamental da educación primaria é a formación integral do alumnado, e atender tanto aos contidos curriculares como aos aspectos sociais, afectivos e emocionais. Pola súa banda, na educación infantil ponse especial énfase no benestar emocional, a construción da identidade, a autonomía persoal, a socialización e o descubrimento do contorno, e senta

as bases para o desenvolvemento posterior.

Por todo iso, considérase imprescindible que os centros educativos lle proporcionen ao alumnado as ferramentas necesarias para construír a súa propia identidade de maneira crítica e autónoma, á vez que se promove unha educación emocional e en valores baseada no respecto, a igualdade e a convivencia democrática. Aínda que todos os axentes sociais desempeñan un papel relevante neste proceso, a familia e a escola configúranse como espazos fundamentais para educar en valores cívicos,

tolerantes e solidarios, para contribuír así á construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

A educación das futuras xeracións constitúe, en definitiva, a base do progreso social. Aínda que debe iniciarse desde a infancia, resulta imprescindible manter este compromiso ao longo de todas as etapas educativas para garantir un impacto duradeiro na sociedade.



SOBRE A TEMÁTICA

A directora apóiase nunha reflexión persoal sobre a alteridade, sobre a forma na que vemos os outros e as outras e os límites que impoñemos á nosa empatía, para darlle voz a esta historia. Estefanía sinala que no seu país, Colombia, se ensina a temer desde idades moi temperás, dividindo o mundo en bos e malos, o que leva a que ese medo irracional ao descoñecido se converta na escusa para perpetuar a violencia e xustificar a guerra.

Esta historia está inspirada nos nenos e nas nenas dos territorios rurais do seu país, especialmente do Pacífico colombiano, un dos lugares máis afectados polo conflito armado e, ao mesmo tempo, un dos máis biodiversos do planeta.

A infancia destes nenos e nenas, do mesmo xeito que a de moitos e moitas doutras partes do mundo que viven nunha situación de vulnerabilidade, está enmarcada en difíciles contextos sociais que de cando en cando ocupan os relatos, tanto no ámbito literario como cinematográfico. Por iso, a directora de

Mu-Ki-Ra decidiu contar unha historia para eles e elas, coa esperanza de que se vexan reflectidos nos personaxes e recoñezan a súa propia beleza.

Sobre todas as cousas, Mu-Ki-Ra é unha fábula universal sobre a empatía e a diversidade para un mundo crecentemente dividido. A película elixe ser unha celebración da vida, e inspírase no noso marabilloso planeta e na nosa conexión co que nos rodea. Así, a paleta de cores desta longametraxe é brillante e intensa, co propósito de insistir na diversidade e a celebración como eixos centrais.

A película explora temas universais como a procura de identidade, a pertenza, o desarraigamento, a resiliencia, a empatía ou a escoita^o. Deste xeito, Mu-Ki-Ra preséntase como unha forma de explorar quen somos cando as nosas raíces, tradicións ou circunstancias entran en conflito co mundo que habitamos. É a tensión entre o que se espera de nós e o que sentimos que somos, un espazo onde a diversidade deixa de ser unha diferenza que se debe

corrixir para converterse nunha riqueza que amplía a mirada colectiva, cuestiona as normas establecidas e reivindica a pluralidade de formas de vivir, sentir e pertencer.

Nunha sociedade que tende a homoxeneizar, clasificar e simplificar as identidades, moitas persoas crecen enfrontándose á presión de encaixar en modelos únicos de cultura, xénero, orixe ou forma de vida. A diversidade, lonxe de ser recoñecida como un valor, é con frecuencia vivida como unha fonte de conflito, exclusión ou invisibilización. Esta falta de espazos de escoita e recoñecemento xera fracturas persoais e colectivas, alimenta o medo ao diferente e dificulta a construción dunha identidade propia, libre e consciente.

Desde os centros educativos é fundamental crear espazos seguros de escoita e diálogo, onde o alumnado poida expresar quen é sen medo ao xuízo ou á exclusión. A escola non só transmite coñecementos, senón tamén modelos de convivencia, polo que ten a responsabilidade de recoñecer e lexitimar a diversidade de identidades, culturas e experiencias presentes na aula.

É necesario fomentar unha educación que cuestione os estereotipos, visibilice realidades diversas e promova o pensamento crítico fronte aos discursos homoxéneos que limitan a construción da identidade propia. O traballo co cinema, como propón Mu-Ki-Ra, permite achegarse a estas cuestións desde a emoción e a empatía, e facilita que o alumnado se identifique con realidades distintas á súa e desenvolva unha mirada máis aberta e respectuosa.


Entendemos a diversidade como a pluralidade de identidades, experiencias, culturas, saberes e formas de estar no mundo que coexisten nunha mesma sociedade. Lonxe de ser unha excepción, a diversidade é unha condición inherente ao humano e un punto de partida para a aprendizaxe colectiva.

Seguindo o pensamento de Paulo Freire, recoñecer a diversidade implica apostar por unha educación baseada no diálogo, a escoita e o respecto, onde ningunha identidade é considerada inferior ou marxinal. Para Freire, o recoñecemento do outro como suxeito de coñecemento é esencial para construír unha sociedade máis xusta; neste sentido, a diversidade non só debe ser tolerada, senón valorada

activamente como unha fonte de enriquecemento mutuo.


Desde esta mirada, a construción da identidade propia dáse en relación cos demais e co contexto social, e só é posible cando existen espazos que permitan nomear as diferenzas sen xerarquizalas. Mu-Ki-Ra inscribir así nunha proposta que entende a diversidade como un proceso vivo de encontro e transformación, máis que como unha categoría pechada.

Finalmente, sinalar que desde os centros educativos se poden impulsar prácticas pedagóxicas inclusivas, onde a diversidade non sexa un contido puntual, senón un eixo transversal que atravesese o currículo, as dinámicas de aula e as relacións cotiás. Educar na diversidade é educar na convivencia, a escoita e o respecto, valores imprescindibles para construír unha sociedade máis xusta e plural.





SOBRE A PELÍCULA



Título: Mu-Ki-Ra
Xénero: Aventura | Musical
Dirección: Estefanía Piñeres Duque
Técnica: 2D
Duración: 85 min
Público: Todas as idades | Familiar

Nunha terra axexada por monstros feitos de vexetación, Cleo, unha nena de trece anos, enfrontará o seu peor pesadelo cando Martín, o seu irmán pequeno, sexa atrapado por un deles. Coa axuda de lolo, unha anciá máxica, e dunha divertida osa formigueira como compañeira de viaxes, Cleo penetrarase no profundo da selva para atrapar a Mukira, o monstro que levou a Martín. O seu obxectivo é realizar un ritual que promete devolverlle o seu irmán, pero pronto aprenderá que os monstros ocultan un sorprendente secreto baixo a súa enorme capa de pelo.

Atrévete a descubri-lo? Penetra na selva e nesta increíble aventura musical, e verás que a amizade é capaz de florecer nos lugares máis inesperados.

CONOCE OS PERSONAXES



CLEO

É unha nena de trece anos forzada a crecer antes de tempo. É sobreprotectora co seu irmán Martín, e acúa máis como unha mamá que como unha irmá. Cleo non é capaz de odiar, prefire imaxinar un mundo no que a guerra non é a única saída.



MARTÍN

É un neno de seis anos que procura facerse o valente; con todo, está moi asustado. Cre que vencer os monstros e converterse en heroe é o seu propósito de vida conseguindo vingar a morte da súa nai. Baixo esa capa de odio escóndese un neno pequeno que estraña a súa mamá.



MUKIRA

O torpe e medorento monstro está moi confundido, non sabe o que sucede. Mukira é só Martín debaixo dunha tonelada de vexetación, así que segue estando molesto e asustado. Mukira unírase a Cleo nesta aventura sen saber que o move unha conexión profunda. Así como o odio polos monstros o condenou, o seu amor pola súa irmá salvarao.



IOLO

Ninguén sabe cantos anos ten —aínda que parecen ser mil— ou se é máis anciá ou máis árbore. O único seguro é que é unha poderosa feiticeira que fai de ponte entre o mundo máxico e o real. Iolo guiará a Cleo na súa aventura e provocará todos os fenómenos naturais ao seu dispor con tal de reconciliar os seus fillos.



TAMANDÚA

É unha torpe e simpática osa formigueira que non come formigas, só as persegue. É unha das moitas axudantes de Iolo e a súa misión será axudar a Cleo a cumprir o seu obxectivo.





A película está dirixida por Estefanía Piñeres, actriz, produtora e guionista. O guión foi coescrito xunto con María Barro Guntín.

Estefanía ten unha ampla carreira en televisión e cinema. Participou en series e películas como *Las Villamizar* (2022), *Distrito Salvaje* (2019), *Ruido* (2020) e, recentemente, *Malta* (2023), entre outras.

Fundou un estudo/produtora chamado Letrario, desde o cal desenvolve proxectos audiovisuais —incluíndo animación— con intención social e creativa. Ademais, traballou como directora do Programa Académico de FICCI, o festival máis grande de Colombia.

A súa entrada ao mundo da actuación foi —segundo as súas propias palabras— algo inesperada: tras unha experiencia nun intercambio estudantil nos Estados Unidos descubriu a súa paixón polo teatro.

A longametraxe *Mu-Ki-Ra* está inspirada nas ilustracións de artistas como Brecht Evens e nas técnicas artesanais de pobos indíxenas latinoamericanos —como os Emberá e Kuna—, o que lle dá unha pegada moi singular e culturalmente rica.

A produción incorporou a varias estrelas da voz en español, como María Fernanda Marín, Isa Mosquera, Carmenza Gómez e Witsey Mena.

Este filme forma parte do selecto grupo de cinco animacións do showcase de Annecy para o *Marché du Film Animation Day* en Cannes, levado a cabo en maio.

O proxecto foi seleccionado para ser presentado no prestixioso *Animation Day* do *Festival de Cannes 2024*, o que supón un recoñecemento importante ao seu potencial internacional.

Outro dos seus traballos, a curtametraxe animada *Color-ido* (dirixido por ela), gañou o FDC como “Curtametraxe de Animación” en 2020.

APLICACIÓN DIDÁCTICA

A pesar de abordar diversas temáticas, a longametraxe enfócase principalmente na diversidade. Con todo, a construción da identidade aparece de maneira intimamente ligada a esa diversidade: cada personaxe enfróntase ás súas diferenzas, aos seus medos e ás expectativas do contorno, e é precisamente a través do contacto con outras formas de ser e de vivir que pode recoñecerse e afirmarse. Neste sentido, a película ofrécelles aos estudantes a oportunidade de reflexionar sobre como a identidade se constrúe en diálogo co diverso, e promove a empatía, a valoración das diferenzas e a comprensión de que cada experiencia contribúe á riqueza colectiva.

O propósito desta película é fomentar na mocidade unha educación integral e crítica, cultivar un xenuíno sentido de responsabilidade social e convivencia democrática. Búscase apoderar os/as estudantes para que constrúan a súa propia identidade de maneira independente e, ao mesmo tempo, desenvolver empatía, comprensión e aceptación cara aos demais.

Como mencionamos, esta película está destinada a todos os públicos, especialmente ao alumnado de 6 a 9 anos. Con todo, debido á relevancia da temática, consideramos que tamén se lle pode proxectar ao alumnado do último curso de educación infantil e a toda a etapa de educación primaria.

Creemos necesario que os futuros profesionais poidan analizar a intervención educativa nos centros con respecto ao alumnado. A película expón varias propostas interesantes que poden traballarse nestas etapas. Máis aló da diversidade, abórdanse temas como a procura e construción da propia identidade, a heteroxeneidade de culturas, o medo ao descoñecido e a importancia dos valores. É fundamental integrar principios como a tolerancia, o respecto, a empatía e a confianza na vida cotiá e na aula.

O profesorado atopará nesta guía actividades para traballar cos estudantes de forma lúdica, abordando tanto a temática principal como outros temas transversais. Desta maneira, incentívase o desenvolvemento dun pensamento crítico e reflexivo

sobre a construción dunha identidade propia que respecte o próximo, e que promova unha educación inclusiva e consciente da diversidade.

Obxectivos:

Sensibilizar o alumnado sobre a importancia de coñecerse a si mesmo, explorar os seus valores, intereses e fortalezas, e desenvolver unha identidade propia baseada na reflexión crítica e a autoaceptación.

Promover a empatía, o respecto e a comprensión cara ás diferenzas individuais e culturais, e recoñecer a riqueza que achega a pluralidade de formas de vivir e pensar.

Desenvolver habilidades socioemocionais que lles permitan potenciar a autoestima, a resolución de conflitos, a capacidade de poñerse no lugar da outra persoa, entre outras.

Estimular o pensamento crítico e a reflexión.

Formulación das actividades:





As actividades incluídas nesta guía foron seleccionadas para a súa implantación nos centros educativos. Búscase que os docentes elixan aquelas que mellor se adapten ao seu grupo, o que lles permite axustalas ás necesidades específicas do seu alumnado e manter a flexibilidade no proceso educativo.

Para facilitar a súa organización, as actividades poderanse recomendar segundo o curso. Desta maneira, o docente poderá seleccionar as máis adecuadas para o seu grupo e traballar de forma efectiva na construción da identidade e a valoración da diversidade.

Ao final da guía inclúense uns anexos que complementan as actividades propostas, e ofrecen un recurso adicional para levar a cabo exercicios prácticos e fomentar a reflexión no alumnado.

AQUÍ COMEZA A DIVERSIÓN!

GUÍA DE MATERIAIS:

-  Reprodutor
-  Material para traballos
-  manuais
-  Obxectos da aula



ACTIVIDADE #1

MU-KI-RA ▶ ⚙️

Obxectivos:

Sensibilizar o alumnado sobre a diversidade e a construción da propia identidade.

Concienciar o alumnado sobre a diversidade en termos xerais.

Facer consciente o alumnado das distintas problemáticas existentes na nosa sociedade.

Actividade:

Logo de ver a película Mu-Ki-Ra, o alumnado participará nun círculo de diálogo, entendido como unha estratexia participativa que crea un espazo seguro e respectuoso no que todos os nenos e nenas teñen a oportunidade de expresar as súas ideas, emocións e opinións, así como de escoitar os demais. Esta dinámica favorece a comunicación, a empatía e a reflexión compartida, e permítelle ao alumnado construír significados de maneira colectiva.

O obxectivo principal desta actividade será reflexionar sobre algúns dos temas centrais da película a partir das propias vivencias e percepcións do alumnado. Sentados en círculo, e coa mediación do/a docente, promoverase un diálogo guiado a través de preguntas abertas que conviden a pensar sobre os personaxes, as súas diferenzas, as súas emocións e as situacións vividas ao longo da historia.

Durante o desenvolvemento do círculo de diálogo, o profesorado actuará como mediador, garantizará o

respeto das quendas de palabra e fomentará un clima de confianza no que todas as intervencións sexan valoradas. Poderase utilizar un obxecto da palabra como unha pelota para facilitar a participación e favorecer a escoita activa.

A actividade adaptarase á idade e ao nivel madurativo do alumnado. No caso do alumnado do último curso de educación infantil, o diálogo apoiarase en preguntas sinxelas e concretas, acompañadas de imaxes, xestos ou exemplos próximos á súa realidade (por exemplo: En que se parecen e en que se diferencian os personaxes? Todos somos iguais?). En educación primaria, profundarase progresivamente na reflexión, e incorporaranse cuestións que favorezan o pensamento crítico e a expresión de opinións persoais (por exemplo: Que entendemos por diversidade? Por que é importante respectar as diferenzas? Como nos axudan as nosas diferenzas para convivir mellor?).

Deste xeito, o círculo de diálogo permitiralle ao alumnado expresar como entende a diversidade e a identidade, relacionar as aprendizaxes da película coa súa propia experiencia e coa realidade social que os rodea, e promover actitudes de respecto, inclusión e aceptación das diferenzas.

Material: pantalla, pelota, proxector e película.

Destinatarios: alumnado do último curso de educación infantil e alumnado de educación primaria.

ACTIVIDADE #2

A BOCA ANIMADA



Obxectivos:

Aumentar e reforzar a autoestima do alumnado.

Fomentar a integración e a cohesión do grupo-clase.

Actividade:

Esta actividade pode desenvolverse en calquera das materias do currículo. Previamente, o profesorado colocará nunha parede da aula sobres abertos individuais, identificados co nome de cada estudante.

O alumnado elaborará unha mensaxe dirixida a cada un dos seus compañeiros e compañeiras, cuxo contido poderá consistir nunha palabra, unha frase breve, un debuxo ou un símbolo, en función da idade e do nivel madurativo do alumnado. O obxectivo das mensaxes será expresar apoio, agradecemento ou resaltar calidades positivas de cada persoa do grupo. Cada mensaxe escribirase ou representará nunha papeleta, que será depositada no sobre correspondente.

Non será necesario que o autor ou autora da mensaxe se identifique, garantindo así un clima de confianza e espontaneidade. En todo caso, insistirase en que todas as mensaxes deben ter un carácter positivo e respectuoso.

Unha vez finalizada a actividade, cada estudante recollerá o seu propio sobre. De maneira voluntaria, catro ou cinco alumnos ou alumnas poderán

compartir en voz alta algunhas das mensaxes recibidas. Finalmente, o alumnado poderá levar o sobre para a casa para reler o seu contido naqueles momentos nos que necesite reforzar a súa autoestima ou sentirse acompañado.

A actividade adaptarase ás capacidades do alumnado en función da súa etapa educativa. Nos primeiros cursos de educación primaria, daráselle prioridade ao uso de debuxos, símbolos ou palabras sinxelas, podendo contar co apoio do/a docente ou realizar a actividade de forma guiada ou oral. Nos cursos superiores, fomentárase a expresión escrita mediante frases máis elaboradas, e promoveranse a reflexión, a empatía e o recoñecemento do valor persoal e social de cada compañeiro ou compañeira.

Material: un sobre para cada alumno/a, papeletas en branco, bolígrafos ou lapis para escribir, goma de borrar e afialapis.

Destinatarios: alumnado de toda a educación primaria.

ACTIVIDADE #3

QUEN SON E COMO NOS ENRIQUECEMOS ✂

Obxectivos:

Fomentar a reflexión individual e colectiva sobre a identidade persoal e a diversidade.

Promover a empatía, a escoita activa e a valoración das diferenzas como riqueza do grupo.

Actividade:

Para esta actividade empregárase a dinámica 1-2-3-4, unha técnica de aprendizaxe cooperativa que permite pasar da reflexión individual á construción colectiva do coñecemento, garantir a participación de todo o alumnado e favorecer a escoita activa. Cada estudante comezará reflexionando de maneira individual sobre tres aspectos que o/a definan, como os seus gustos, habilidades, valores ou características que o/a fan único/a, e tamén poderá incluír algo que admire dos seus compañeiros e compañeiras.

A continuación, os/as estudantes compartirán as súas ideas en parellas, comentarán o que escribiron ou debuxaron, escoitarán atentamente o seu compañeiro ou compañeira e destacarán aspectos positivos ou sorprendentes de cada un/unha. Despois, as parellas uníranse formando grupos de catro a seis integrantes para conversar sobre as

similitudes e diferenzas que detectasen, reflexionarán sobre como cada persoa contribúe coa súa singularidade ao grupo e de que maneira a diversidade enriquece a convivencia e as relacións.

Finalmente, cada grupo compartirá as súas conclusións con toda a clase e o/a docente recompilará as ideas nun mural ou encerado, xerará un mapa de diversidade que mostre como cada diferenza achega algo positivo ao grupo. Para pechar a actividade, o alumnado realizará unha breve reflexión oral ou escrita sobre o aprendido, destacará aspectos da súa propia identidade e a importancia de valorar e respectar a diversidade na súa vida cotiá.

Material: folios ou tarxetas, bolígrafo ou lapis, goma de borrar, afialapis e encerado (pode ser dixital) ou cartolina para rexistrar ideas.

Destinatarios: alumnado 5.º e 6.º de educación primaria.



ACTIVIDADE #4

O ESCURO NA CAIXA ✂

Obxectivos:

Identificar e recoñecer os propios medos.

Desenvolver a empatía e a comprensión cara aos medos dos demais.

Fomentar un clima de confianza e seguridade dentro do grupo.

Potenciar a comunicación oral e a escoita activa.

Normalizar o medo como unha emoción común e válida.

Actividade:

A actividade empezará cunha breve introdución por parte do/da docente abrindo un diálogo adaptado á idade do grupo sobre que son os medos e como moitas veces xorden ante o descoñecido. Esta proposta está relacionada coa técnica da maleta, unha dinámica simbólica que utiliza un obxecto contedor para facilitar a expresión de emocións, pensamentos ou vivencias persoais de maneira segura e guiada. Transmitirase a idea de que todas as persoas senten medo nalgún momento e que expresalo é algo natural e positivo.

A continuación, cada alumno ou alumna preparará a súa maleta dos medos, utilizará unha caixa ou maleta pequena na que colocará tres obxectos que representen cousas que lle dan medo. Estes obxectos poden ser xoguetes, debuxos, fotografías ou outros

elementos simbólicos que axuden a expresar aquilo que senten.

Posteriormente, de maneira voluntaria e respectando o ritmo de cada neno ou nena, o alumnado irá compartindo co grupo o contido da súa maleta, explicando que representa cada obxecto e por que lle produce medo. O/a docente acompañará este momento creando un clima de confianza, favorecerá a escoita activa e validará as emocións que vaian xurdindo.

Para finalizar, o grupo realizará unha reflexión conxunta en gran grupo. Esta actividade pode desenvolverse en calquera das materias do currículo, aínda que resulta especialmente adecuada para a área das linguas, xa que favorece a expresión oral, a escoita activa e a construción de discursos persoais. Neste espazo, o/a docente guiará a conversación segundo a idade do alumnado, e promoverá a empatía, a comprensión dos medos alleos e a procura de estratexias sinxelas para afrontalos.

Material: caixa de cartón, fotografías, revistas, tesoiras, obxectos e/ou xoguetes, folios, lapis, lapis de cores, goma de borrar e afialapis.

Destinatarios: alumnado do último curso de educación infantil e de toda a educación primaria.



ACTIVIDADE #5

SOMOS DIFERENTES, SOMOS VALIOSOS ✂

Obxectivos:

Recoñecer e valorar a diversidade individual dentro do grupo-clase.

Favorecer o respecto e a aceptación das diferenzas persoais.

Desenvolver a expresión oral e a escoita activa.

Potenciar a autoestima e o sentimento de pertenza ao grupo.

Actividade:

A actividade comeza cunha breve conversación guiada polo/a docente sobre que significa ser diferente e por que todas as persoas o somos dalgunha maneira. A partir desta reflexión inicial, o alumnado pensará nunha característica propia que o faga único ou especial (forma de ser, gustos, habilidades, cultura, familia etc.). Dependendo da idade, esta reflexión pode ser unicamente oral ou apoiarse nun debuxo ou unha palabra escrita.

De maneira voluntaria, a través dun círculo de diálogo, cada alumno ou alumna compartirá co grupo esa característica, explicando por que a elixiu. Poderán usar unha pelota para ir dándolle a palabra no círculo. O/a docente irá reforzando a idea de que a diversidade enriquece o grupo e que non existen

diferenzas mellores ou peores.

Para finalizar, realizarase unha reflexión conxunta en gran grupo na que se poñerá en valor a convivencia, o respecto mutuo e a importancia de aceptar os demais tal e como son.

Material: espazo, pelota, papeis, lapis de cores, lapis, goma de borrar e afialapis.

Destinatarios: alumnado do último curso de educación infantil e toda a educación primaria.



ACTIVIDADE #6

MIRARSE DESDE DENTRO ✂️ ⚙️

Obxectivos:

Comprender a diversidade a partir da identidade e as vivencias dos personaxes de Mu-Ki-Ra.

Reflexionar sobre como nos vemos a nós mesmos e como nos ven os demais.

Valorar a diferenza como parte esencial da identidade persoal.

Desenvolver a empatía e o respecto cara a realidades distintas.

Expresar ideas e emocións de forma oral e/ou escrita.

Actividade:

A actividade desenvolverase na área das linguas. O/a docente comezará lembrando brevemente os personaxes da película, centrarse en Martín, Cleo e Mukira (Martín atrapado no corpo dun monstro), e explicará que cada un representa unha forma distinta de vivir e expresar a identidade.

A continuación, o alumnado dividirse en pequenos grupos cooperativos de 4 ou 5 persoas. A cada grupo asignaráselle un dos personaxes (Martín, Cleo ou Mukira). O grupo deberá reflexionar de maneira guiada sobre o seu personaxe, e poñerá o foco na diversidade e a identidade. Para iso, poderán apoiarse en preguntas como: como é o personaxe e que o fai diferente, como se sente consigo mesmo, como cre

que o ven os demais e que dificultades atopa por ser como é.

Nos cursos inferiores (3.º e 4.º), a reflexión centrarse principalmente nas emocións do personaxe e nas súas características visibles. Nos cursos superiores (5.º e 6.º), profundarase na idea de identidade, no conflito entre o “eu interior” e a imaxe exterior, especialmente no caso de Mukira .

Tras o traballo en grupo, cada equipo preparará unha breve explicación para compartir co resto da clase. Finalmente, realizarase unha posta en común en gran grupo, guiada polo/a docente, na que se compararán os personaxes e se reflexionará sobre como a diversidade forma parte de todas as persoas, aínda que ás veces non sexa visible a primeira ollada.

Para pechar a actividade, o/a docente poderá expor unha reflexión final vinculada ao alumnado, e convidarao a pensar se algunha vez se sentiron diferentes ou xulgados pola súa aparencia, gustos ou forma de ser.

Material: folios, lapis, bolígrafos, goma de borrar, afialapis e encerado (pode ser dixital) para recoller as conclusións do grupo.

Destinatarios: alumnado de 3.º a 6.º de educación primaria.



ACTIVIDADE #7

TODOS FOMOS MUKIRA ALGUNHA VEZ 😊

Obxectivos:

Traballar a cohesión grupal.

Fomentar a empatía cara aos/ás compañeiros/as.

Aprender a reaccionar ante situacións de presión social.

Recoñecer actitudes de exclusión e inclusión dentro do grupo.

Favorecer a integración no grupo-clase e a resolución pacífica de conflitos.

observado e vivido. O/a docente ademais de axudar a buscarlle ao alumnado unha situación para representar, pode guiar a reflexión con preguntas como: Como vos sentistes ao observar a escena? Vistes situacións similares no centro ou fóra del? Que pensabades que sentía a persoa excluída? Que fariades para axudar a alguén que se sente humillado/a ou desprezado/a?

O obxectivo final é que o alumnado desenvolva empatía, recoñeza a influencia da presión social e aprenda a actuar de maneira respectuosa e inclusiva.

Actividade:

A actividade pode realizarse na área das linguas ou Educación Física. O alumnado organizarase en grupos de 3 a 4 persoas. Cada grupo representará por quendas, no centro da aula ou do espazo dispoñible, unha situación breve (2-3 minutos) na que un/unha dos seus integrantes queda á marxe: escenas nas que outros compañeiros/as desprezan, se burlan, murmuran ou se rín desá persoa, mentres que o resto da clase observa. Durante a representación, os/as observadores deben notar como se sente a persoa excluída e como se manifesta a presión social. Ao finalizar todas as representacións, abrírase unha posta en común para reflexionar e debater sobre o

Material: non se require material.

Destinatarios: alumnado de 4.º, 5.º e 6.º de educación primaria.

ACTIVIDADE #8

O MURAL DA DIVERSIDADE ✂

Obxectivos:

Identificar a diversidade como un valor positivo dentro da comunidade educativa.

Fomentar o traballo cooperativo e a participación activa.

Expresar ideas e emocións a través da linguaxe plástica e oral.

Desenvolver actitudes de respecto, inclusión e empatía.

Actividade:

O/a docente na materia de Educación Plástica e Visual e, en calquera outra materia do último curso de educación infantil, propoñeralle ao grupo a creación dun mural colectivo que represente a diversidade da aula. Para iso, o/a docente iniciará a actividade cun diálogo sobre os diferentes tipos de diversidade que existen (física, cultural, emocional, de intereses, de capacidades etc.), e adaptará o contido á idade do alumnado.

Cada alumno ou alumna realizará un debuxo, símbolo ou palabra que represente unha diferenza persoal ou algo que considere importante de si mesmo/a. Posteriormente, todas as producións uniránse nun

mural común que simbolice a riqueza do grupo.

Logo de finalizar, comentarase o mural en gran grupo, e destacarase como a unión de todas as diferenzas constrúe un espazo común máis completo e enriquecedor.

Material: Lapis e/ou ceras de cores, rotuladores, purpurina, papel de seda, lapis, sacapuntas, goma de borrar, pegamento, cartolinas, folios, folios de cores, témperas de dedos.

Destinatarios: alumnado do último curso de educación infantil e de toda a educación primaria.



ACTIVIDADE #9

NON SOMOS TAN DISTINTOS E DISTINTAS ✂

Obxectivos:

Mellorar a comunicación entre os/as participantes do grupo.

Recoñecer nos demais cousas dun/a mesmo/a.

Potenciar as habilidades sociais no grupo-clase.

Fomentar a integración grupo-clase.

Material: papel, lapis ou bolígrafo, goma de borrar e afialapis.

Destinatarios: alumnado de 5.º e 6.º de educación primaria.

Actividade:

A actividade pódese levar a cabo na área de Lingua ou na materia de Educación Física. O ou a docente formará grupos de 4 a 5 persoas, procurando que estean integrados polas que teñen menos relación entre si.

Cada grupo deberá atopar 10 cousas que teñan en común (non se poden incluír a vestimenta nin semellanzas físicas) e anotalas en papel. Unha vez finalizada a actividade, cada grupo expoñerá os seus descubrimentos ante o resto da clase.

A finalidade desta actividade é que o alumnado aprenda a recoñecer nos demais cousas que tamén forman parte dun mesmo, fomentando a conexión e a cohesión dentro do grupo.

ACTIVIDADE #10

O MEU MUKIRA DA IDENTIDADE ✂

Obxectivos:

Fomentar a autonomía e a responsabilidade.

Favorecer a creación da nosa propia identidade.

Potenciar o respecto e a empatía cara ás diferentes perspectivas e opinións dos demais.

Desenvolver a expresión oral e/ou escrita de maneira adecuada á idade.

Impulsar a creatividade e a representación simbólica da identidade.

Actividade:

Na materia das linguas ou na materia de Educación Plástica e Visual, o/a docente explicarlle ao alumnado que todos e todas temos características que nos fan únicos/as, como gustos, habilidades, cultura e personalidade. Cada neno ou nena recibe un debuxo de Mukira con follas na cabeza (anexo 1), no que deberán representar en cada unha das súas follas diferentes aspectos da súa identidade: algo que lles gusta facer, algo que os fai especiais, unha habilidade ou talento, e algo que os identifica coa súa familia ou cultura. Para infantil e primeiros cursos de primaria pódense usar debuxos, adhesivos ou fotos.

Unha vez terminado, cada alumno ou alumna presenta

a súa Mukira ao grupo de maneira voluntaria, mentres os/as compañeiros/as escoitan e comentan de forma positiva. O ou a docente guiará a través dunha breve reflexión sobre como cada persoa é única e como a diversidade enriquece o grupo. Opcionalmente, os Mukira pódense colocar nunha parede de clase para visibilizar a diversidade.

Material: anexo 1, lapis, rotuladores, ceras e/ou lapis de cores, pegamento ou cinta adhesiva, tesoiras e, opcionalmente, poderán empregar adhesivos, fotos, recortes de revistas.

Destinatarios: alumnado do último curso de educación infantil e de toda a educación primaria.



ACTIVIDADE #11

ES PARTE DE MIN

Obxectivos:

Fomentar a identidade persoal e o respecto pola identidade dos demais.

Valorar a diversidade cultural, de xénero, orixe e relixión.

Desenvolver habilidades de expresión artística, corporal e musical.

Recoñecer que cada persoa é única e merece respecto.

aceptar e valorar as diferenzas dos demais.

Material: anexo 2 A e B, lapis e/ou ceras de cores, temperas, pinceis, cartolinas, tesoiras, goma elástica, goma de borrar, afialapis, canción Es parte de min e reprodutor de música.

Destinatarios: alumnado do último curso de educación infantil e dos dous primeiros cursos de educación primaria.

Actividade:

A actividade levarase a cabo na materia de Educación Plástica e Visual e na materia de Educación Física. Na clase de Educación Plástica o alumnado pintará e decorará a súa propia careta de Mukira ou de Martín (anexo 2-A e anexo 2-B), e incorporará elementos que representen a súa identidade. Posteriormente, xunto ao docente de Educación Física, elaborarán unha coreografía sinxela para bailar a canción Es parte de min da película Mu-Ki-Ra, promoverán a cooperación, a coordinación e a expresión corporal. O obxectivo é fomentar a identidade persoal, o respecto e a valoración da diversidade cultural, de xénero, orixe e relixión. A actividade pecharase cunha presentación o 1 de marzo, Día para a Cero Discriminación, na que os nenos e nenas cantarán e bailarán mostrando respecto, inclusión e unidade. Finalmente, reflexionarase sobre a experiencia e a importancia de



ACTIVIDADE #12

O ESPELLO DA DIVERSIDADE ✂

Obxectivos:

Recoñecer a diversidade e sentirse parte dun grupo con múltiples identidades.

Fomentar a integración no grupo-clase e a cohesión grupal.

Favorecer a autoestima e a valoración das diferenzas.

Desenvolver a empatía.

Actividade:

Esta actividade pódese desenvolver en calquera das materias do currículo do alumnado de educación primaria e na etapa de educación infantil.

Comézase a actividade colocando un espello grande na aula ou, se non é posible, láminas reflectoras que permitan que os nenos e as nenas se observen. O/ a docente convídaos a mirarse atentamente e a dicir en voz alta o que ven, por exemplo, os seus ollos, o seu sorriso ou o seu pelo. A continuación, pídeselles que compartan algo que lles guste de si mesmos, xa sexa un aspecto físico, unha habilidade ou unha característica do seu carácter, como “gústame que debuxo ben” ou “gústame que son divertido/a”.

Despois, cada neno ou nena realiza un autorretrato en papel, destacando as características que máis lles gustan de si mesmos. Para iso poden utilizar lapis de cores, adhesivos ou recortes de revistas, adaptando a técnica segundo a idade e as habilidades de cada grupo. Logo de terminar os autorretratos, colócanse xuntos nun mural grupal que recibe o nome de “O espello da nosa clase”, que permite que todos os membros do grupo vexan e valoren a diversidade que existe entre eles e elas.

Para finalizar, realízase unha reflexión conxunta sobre a actividade, na que se anima os nenos e as nenas a identificar tanto as diferenzas como os aspectos que comparten cos seus compañeiros e compañeiras.

Material: un espello grande (ou láminas reflectoras), folios, lapis e/ou ceras de cores, adhesivos, recortes de revistas, pegamento, lapis, goma de borrar, punzón e afialapis.

Destinatarios: alumnado do último curso de educación infantil e dos dous primeiros cursos de educación primaria.

ACTIVIDADE #13

OS 6 CHAPEUS FRONTE AO MEDO ✂

Obxectivos:

Recoñecer e expresar emocións propias e alleas ante situacións de medo ou incerteza.

Analizar problemas desde distintas perspectivas para desenvolver o pensamento crítico e creativo.

Fomentar a empatía e a cooperación dentro do grupo, e valorar as ideas e emocións dos demais.

Desenvolver estratexias de afrontamento do medo que reforcen a confianza e a identidade persoal.

Actividade:

A actividade poderase levar a cabo en calquera materia do currículo do alumnado. Para levala a cabo dividirase ao alumnado en 4 ou 5 grupos (6 participantes por grupo; se son menos, un ou unha dos/as participantes poderá ter varios chapeus). Entre os grupos repartiranse 4 ou 5 escenas da película Mu-Ki-Ra (anexo 3) na que se ven situacións nas que os personaxes senten medo ante un monstro ou unha situación descoñecida. Cada grupo analizará a situación que lle tocou empregando a técnica dos seis chapeus, unha ferramenta que permite observar un mesmo problema desde diferentes perspectivas: emocións, feitos, riscos, aspectos positivos, creatividade e organización do pensamento.

Cada alumno ou alumna de cada grupo pon o seu chapeu para reflexionar sobre o que sente, o que ocorre, as dificultades, as oportunidades e as posibles solucións, para fomentar así a comprensión das súas propias emocións, a empatía cara aos demais e a capacidade de tomar decisións conscientes. Ao finalizar, compártese co grupo o que se reflexionou e faise unha breve posta en común sobre como afrontar o medo de maneira positiva. Para facilitar o labor do/a docente facilítaselle un anexo cos enfoques de cada chapeu podendo modificalo ao seu gusto (anexo 4).

Material: anexo 3, anexo 4 para o/a docente, chapeus de cores, rotuladores, lapis e papel.

Destinatarios: alumnado de 4.º a 6.º de educación primaria.



ACTIVIDADE #14

COLAXE MU-KI-RA ✂

Obxectivos:

Empregar a linguaxe como ferramenta creativa da expresión escrita.

Fomentar a colaboración e cooperación no grupo-clase.

Traballar a creatividade plástica.

Potenciar a integración no grupo-clase.

Destinatarios: alumnado do último curso de educación infantil e dos dous primeiros cursos de educación primaria.

Actividade:

Esta actividade poderá levarse a cabo na materia de Educación Plástica e Visual ou en calquera das materias do currículo do alumnado. En pequenos grupos heteroxéneos deberán de crear un cartel publicitario para a película de Mu-Ki-Ra. A finalidade principal desta actividade é fomentar o traballo en equipo, a integración do grupo-clase, a cooperación e a colaboración. Finalmente colocaranse os carteis publicitarios de cada grupo nos distintos espazos do centro educativo.

Material: tesoiras, papel charón, papel de seda, cartolinas, temperas, pinceis, lapis e/ou ceras de cores, rotuladores, temperas de dedos, brillantina, la...

ACTIVIDADE #15

A MIÑA LIÑA DA IDENTIDADE ✂

Obxectivos:

Reflexionar sobre a propia identidade e os elementos que nos fan únicos e únicas.

Valorar a diversidade e respectar as diferenzas entre compañeiros e compañeiras.

Expresar emocións, gustos e experiencias persoais de maneira creativa.

Desenvolver a capacidade de tomar pequenas decisións coherentes cos propios valores e preferencias.

Actividade:

A actividade realizarase na área de Lingua, Coñecemento do Medio ou outra materia. Cada alumno e alumna creará unha liña de identidade nun papel ou cartolina, debuxará ou escribirá os momentos, experiencias e gustos que consideran importantes na súa vida e que os axudan a definirse. Poden incluír eventos felices, logros persoais, hobbies, persoas importantes ou cousas que os fan sentirse orgullosos/as de si mesmos/as. Para facilitar a reflexión, o/ a docente pode propoñer preguntas como: Que che fai sentir especial ou diferente? Que valores son importantes para ti? Que che gustaría

aprender ou mellorar de ti mesmo/a?

Ao finalizar, pódese organizar un momento de posta en común voluntaria, no que cada alumno/a explique algúns aspectos da súa liña, fomentar a empatía, a escoita activa e o respecto cara ás experiencias e diferenzas dos e das demais.

Material: folios, cartolinas, lapis, bolígrafos, goma de borrar, lapis ou ceras de cores, rotuladores e afialapis.

Destinatarios: alumnado de 3.º a 6.º de educación primaria.

TEMPORIZACIÓN

A proposta de secuenciación que se presenta nesta guía constitúe un marco orientador, e o/ a docente será a persoa encargada de dedicar o tempo que estime oportuno en función das necesidades, intereses, motivación e características do seu grupo-clase. O/a docente tamén poderá seleccionar libremente aquelas actividades que considere máis adecuadas para o seu alumnado, e axustalas ao seu contexto particular.

Esta guía está pensada para desenvolverse ao longo dun mes, aínda que sempre se deixa marxe á flexibilidade, adaptando tanto os contidos como as actividades ás necesidades que vaian xurdindo no contexto grupo-clase. Cada actividade poderá adaptarse ás características individuais do alumnado, para fomentar así unha atención educativa personalizada.

As actividades propostas terán un carácter progresivo, cun aumento gradual na complexidade e a profundidade das habilidades abordadas. Esta

progresión permite que o alumnado avance de forma coherente na comprensión e na aplicación de conceptos como diversidade, identidade, empatía e convivencia.

Dado que, na etapa de educación infantil e en educación primaria non existen horarios específicos de titoría obrigatoria como tal, senón que a acción titorial forma parte da función docente integrada no currículo e a práctica educativa diaria do profesorado, as actividades levaranse a cabo de forma transversal dentro do desenvolvemento das distintas áreas e materias de cada curso. A programación destas actividades poderase organizar dentro dos momentos habituais de traballo na aula, aproveitando tempos curriculares de linguaxe, expresión artística, ciencias sociais e naturais, e actividades de asemblea, para garantir que o traballo sobre identidade, diversidade e convivencia se vincule directamente coas aprendizaxes xerais do alumnado.



METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada baséase nun enfoque preventivo, participativo e comunitario, no que o alumnado adquire un papel activo na construción do seu propio benestar. Co fin de garantir a coherencia entre os obxectivos establecidos e as actividades propostas, resulta necesario definir unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe significativa, a implicación do alumnado e a aplicación práctica dos coñecementos adquiridos. Neste sentido, a metodoloxía susténtase na participación, a experiencia, o traballo cooperativo e a educación emocional como eixos fundamentais do proceso de

ensino-aprendizaxe, evitando, na medida do posible, o uso de materiais tradicionais como o papel e o lapis.

Nesta liña, séguese a concepción de Bigge e Hunt (1976, citados en Lameiras e Carrera, 2009), que defenden que “o ensino ten, por tanto, o obxectivo de activar o educando, facéndoo partícipe da súa propia aprendizaxe”.

As actividades organízanse desde unha metodoloxía aberta, flexible e innovadora, que combina diferentes estratexias, tales como a aprendizaxe cooperativa, a aprendizaxe baseada no pensamento (TBL), a

aprendizaxe experiencial e os círculos de diálogo. Esta combinación permite introducir dinámicas creativas e motivadoras que fomentan a implicación activa do alumnado. Así mesmo, favorécese o traballo individual, en pequeno grupo e en gran grupo, e adáptanse as dinámicas ao tipo de actividade e ás necesidades de cada participante.

Entre as técnicas empregadas destacan as rutinas de pensamento, os dilemas morais, os debates guiados, as dramatizacións, a técnica 1-2-3-4, a dinámica dos seis chapeus ou a técnica da maleta. Estas técnicas permítenlle ao alumnado analizar situacións, expresar emocións e desenvolver competencias comunicativas, sociais e de pensamento crítico. Para garantir a inclusión, contéplanse adaptacións concretas en función das necesidades do alumnado, como a división en grupos máis reducidos, o uso de materiais visuais ou auditivos de apoio e a proposta de actividades diferenciadas que favorecen a participación plena do

alumnado con diversidade funcional, lingüística ou cultural.

O profesorado asume un papel de mediador e facilitador da aprendizaxe, creando un clima de confianza e participación que favorece a expresión libre de ideas e a reflexión crítica. Así mesmo, a colaboración das familias e do equipo docente resulta esencial para reforzar a coherencia educativa e promover a implicación de toda a comunidade, e favorecer un enfoque normalizador que garanta a participación de todo o alumnado.

Finalmente, sinalar que o/a docente desempeña un papel clave como mediador entre o alumnado e os contidos de aprendizaxe. Para iso, resulta fundamental establecer unha interacción positiva cos/coas estudantes, que facilite o seguimento do seu proceso educativo e fomente un clima de confianza que favoreza a expresión de intereses e opinións.

CONCLUSIÓN

A visualización da película Mu-Ki-Ra, xunto coas actividades que se desenvolverán, permitiranlle ao alumnado reflexionar sobre a construción da propia identidade e a importancia da diversidade no contexto persoal e social. A través da historia, os personaxes e as situacións expostas, abordáronse aspectos relacionados co autocoñecemento, a aceptación dun mesmo e o recoñecemento das diferenzas individuais como parte esencial da convivencia.

Nunha sociedade cada vez máis diversa e cambiante, resulta fundamental promover espazos educativos

que favorezan a reflexión crítica, o respecto e a empatía cara aos demais. Esta guía didáctica permitiu vincular as aprendizaxes traballadas na aula coa realidade social do alumnado, fomentar actitudes inclusivas e unha mirada aberta cara ás distintas formas de ser, sentir e vivir. Deste xeito, contribúese á construción dunha cidadanía máis consciente, comprometida e respectuosa, na que a diversidade se entenda non como unha barreira, senón como unha riqueza que fortalece a cohesión social e o benestar común.





ANA BELEN CAMPOS GRAÑA

É licenciada en Pedagogía e conta cunha ampla experiencia no ámbito educativo, especialmente como orientadora en diversos centros da provincia de Lugo. Ao longo da súa traxectoria profesional elaborou material didáctico adaptado ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Así mesmo, traballou como creadora de guías didácticas para proxectos audiovisuais de gran relevancia, entre os que destacan *Valentina* e *Unicorn Wars*, ambas galardoadas co Premio Goya a Mellor Película de Animación ou *O Soño da Sultana* nomeada tamén a estes premios no 2024. Tamén elaborou a unidade didáctica que acompaña á curtametraxe *Eu vou comigo*, para a sensibilización sobre a violencia de xénero que continúa percorrendo centros educativos de toda Galicia.

O seu traballo máis recente é a guía didáctica de *Mu-Ki-ra*, o proxecto que agora tes entre mans.





BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

ÁLVAREZ, M. E BISQUERRA, R. (1996): Manual de orientación y tutoría. Ed. Praxe. Barcelona.

BAUMAN, Z. (2005). Identidad. Buenos Aires: Losada.

DUBAR, C. (2000). La crisis de las identidades: la interpretación de una mutación. Barcelona: Bellaterra.

PÉREZ GÓMEZ, A. I. (2012). Educar en la era digital. Madrid: Morata.

SCHLEICHER, A. (2018). Primera clase: Cómo construir una escuela de calidad para el siglo XXI. Santillana: Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económico (OCDE).

Referentes legais:

Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Webgrafía:


www.edu.xunta.es


www.orientared.com


<https://www.mdsocialesa2030.gob.es/agenda2030/index.htm>

<https://psicologiaymente.com/social/presion-social>

<https://psisemadrid.org/la-construccion-de-la-identidad/>










ANEXO #3

ESCENAS DA PELÍCULA



ANEXO #4

OS ENFOQUES DE CADA CHAPEU

Chapeu vermello (emocións): reflexiónase sobre o que senten os personaxes e o que eles/as sentirían nesa situación. Pódense escribir palabras ou debuxar símbolos que representen medo, sorpresa, curiosidade ou valentía.

Chapeu branco (feitos): obsérvanse os feitos da situación, sen opinións nin xuízos. Por exemplo: “hai un monstro que se move na escuridade”, “o grupo está só no bosque”.

Chapeu negro (dificultades): analízanse os problemas ou riscos da situación, que pode saír mal e por que poderían sentirse inseguros.

Chapeu amarelo (positivo): identifícanse os aspectos positivos ou as oportunidades que poderían xurdir. Por exemplo: “se enfrontamos o medo xuntos, podemos aprender e ser valentes”.

Chapeu verde (creatividade): xéranse ideas para afrontar a situación ou transformar o medo en acción. Aquí o alumnado pode inventar estratexias orixinais ou imaxinar solucións alternativas.

Chapeu azul (organización do pensamento): reflexiónase sobre todo o anterior e tómanse decisións sobre que pasos dar, como apoiarse nos outros e como aplicar o aprendido na vida real.

GOZACHES A AVENTURA?



**Tes preguntas, ideas ou queres saudarnos?
Escríbenos e encantaranos responderche.
Alégranos coñecer a quen se mete
no universo de Mu-ki-ra!**

hola@mukiramovie.com